

## REUNIÓN CON FUNCIÓN PÚBLICA SOBRE O RELATIVO AS INSTRUCCIÓN RELATIVAS AO FUNCIONAMENTO DOS TRIBUNAIS, MODIFICACIÓN D37/2006, ESTATUTOS IGE & OUTROS - 2 DE MARZO

Na reunión mantida o pasado 2 de marzo, co D.X. de Función Pública tratáronse os seguintes temas:

### 1. INSTRUCCIÓN RELATIVAS AO FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN DOS TRIBUNAIS.

Por lo que respecta ás instrucións dos tribunais que xulguen os diferentes procesos selectivos, era un tema que levábase tempo reclamando para a súa negociación xa que levaba moito tempo aparcado, e xa podería aplicarse nos procesos selectivos que se convocarán proximamente.

A D.X. de Función Pública manifesta a súa vontade de pechar este tema con acordo nas próximas semanas. Polo que se refire a cuestións concretas, hai varias que están dispostos a retirar do texto no caso de que non se chegase a acordo ou punto común. Serían as seguintes:

- **Coidadores e persoal colaborador:** a D.X. de Función Pública non ve problema en que participen como colaboradores nos diferentes exames dos procesos selectivos, persoal provinte dos diferentes organismos do sector público autonómico, aínda que si consideran oportuno que se especifique que teñan unha relación ou vinculación permanente coa administración. Polo tanto, poderíase especificar que se trate de persoal da Administración Xeral da Xunta de Galicia o das súas entidades instrumentais.
- En referencia ao contido no **artigo 72, letra d)**, en relación coa publicación no DOG da estimación ou desestimación das reclamación que se formulen, a D.X. de Función Pública entende que sería suficiente coa publicación na páxina web e a notificación ao interesado, e aforraríanse unha serie de trámites burocráticos necesarios para a súa publicación no DOG.
- Polo que respecta á **xornada de formación para o persoal colaborador e para os membros dos tribunais**, a administración entende que aínda sendo necesaria esta formación e información debería desvincularse no texto do departamento con funcións de formación do persoal, xa que axilizaría a cuestión que poda levala a cabo e organizala directamente a D.X. con competencia en materia de procesos selectivos.
- En cando á **comisión de seguimento e control** á que se refire o artigo 74 do texto, entende que na mesma estarían presentes unicamente aquelas organizacións sindicais que asinen o acordo.

Por parte da **CSIF**, entendemos que non habería problemas polos matices manifestados pola Administración, xa que **fomos os primeiros en manifestar a nosa vontade de sacar adiante esta negociación con acordo**, e polo tanto cunha clara vocación de consenso ao longo da negociación. Entendemos, sen embargo, que estas instrucións deben dar lugar a un **funcionamento dos tribunais de selección con obxectividade e transparencia**.

En todo caso, si nos parece que se debe dar cabida aos representantes dos traballadores nos tribunais de selección para garantir a transparencia, e eliminar do funcionamento dos tribunais calquera viso de arbitrariedade, sobre todo nos procesos selectivos de promoción interna.

En todo caso, esperaremos ás modificacións que comunicará a Administración este venres.

## 2. MODIFICACIÓN DO DECRETO 37/2006, DO 2 DE MARZO, POLO QUE SE REGULA O NOMEAMENTO DE PERSOAL INTERINO PARA O DESEMPEÑO CON CARÁCTER TRANSITORIO DE PRAZAS RESERVADAS A FUNCIONARIOS E A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL LABORAL DA XUNTA DE GALICIA.

Neste punto a D.X. da Función Pública contestou de xeito conxunto as alegacións presentadas polas organizacións sindicais:

- a. Polo que se refire á **solicitud de participación** unicamente **electrónica** a D.X. de Función Pública entende que é suficiente e un sistema máis áxil, e que a presentación electrónica se enmarca dentro dunha modernización xeral dos procedementos administrativos e que ademais a Administración proporcionará os medios que fagan posible este tipo de presentación para todos os interesados.
- b. **Suspensión de chamamentos**: xa se rebaixa dun período mínimo de suspensión de dous a un mes e esta modificación se considera suficiente.
- c. **Penalización por renuncia**: recordan que hai dúas únicas causas de penalización cales son a incomparecencia e a renuncia a un posto, e que non se van a modificar. Ademais no caso de penalización por renuncia ou incomparecencia xa está previsto que pasados 6 meses, se poida renunciar a chamamentos de menos de media xornada de duración.
- d. En canto á necesidade de **solicitar a incorporación á lista** unha vez cumprido o período de penalización, entende que non é de recibo realizar ningunha incorporación automática pasado a ano de penalización, xa que poderían darse o caso de que se incorporase á lista xente que estivera traballando ou, por exemplo, falecida.
- e. Estase tamén traballando en que os **chamamentos deixen de ser presenciais**, e que se fagan unicamente pola D.X. de Función Pública.
- f. Polo que se refire á **aplicación** deste decreto de lista aos **entes do sector público autonómico**, a D.X. de Función Pública informa de unicamente hai xa 4 entidades que contan con listas propias para esta finalidade, e que, de feito, xa se están a aplicar as previsións deste decreto aos ditos chamamentos.
- g. **Novas titulacións**: nas listas que xa se abriron recentemente detectouse o problema coas novas titulacións que impediron a inscribirse nas mesmas a persoas con titulacións obtidas segundo a nova ordenación das mesmas. A administración contesta que efectivamente haberá que solucionar este problema, e que a mellor opción pode ser establecer unha referencia xenérica ás titulacións vixentes en cada momento segundo a normativa vixente.

Todos estes temas serán obxecto, a lo menos, dunha reunión máis para tratalos.

### **3. PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE APROBA O ESTATUTO DO ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA.**

Con respecto ao estatuto do Instituto Galego de Estatística, non houbo ningunha modificación por parte da Administración que presentou para esta reunión o mesmo documento que no mes de decembro do ano pasado para a negociación. Dende a CSI•F, presentamos alegación escritas a este texto no seu momento, que esperamos que sexan consideradas e incorporadas ao texto dos estatutos do IGE, e que fundamentalmente tratan de clarexar o feito de que o persoal do IGE debe ser persoal laboral e/ou funcionario da Xunta de Galicia, e polo tanto, sometido á aplicación de todas as disposicións aplicables a este persoal e á negociación colectiva cos sindicatos presentes na mesa xeral de negociación dos empregados públicos.

### **4. PROXECTOS DE ORDE DE CONVOCATORIA DE DIVERSOS PROCESOS SELECTIVOS.**

Ao respecto dos proxectos de orde de convocatoria dos procesos selectivos da escala de ciencias (especialidades de Química e Bioloxía), da escala de enxeñeiros (especialidade en Enxeñaría Industrial), de enxeñeiros técnicos (especialidade de Enxeñaría Técnica Industrial), da escala de Estatísticos e da escala de Letrados, entrouse unicamente nunha discusión moi xeneral e relativa a determinados aspectos comúns a todas estas convocatorias, xa que a Administración comprometeuse a realizar unha nova reunión ao respecto destes proxectos de orde. En todo caso, do falado ao respecto queremos destacar o seguinte:

- a. Dende a CSI•F reclamamos que os **procesos selectivos** estean sempre **baseados en normas de dereito positivo** e en exames tipo test que son os máis obxectivos á hora de efectuar unha valoración, e polo tanto, ao noso entender, os que máis benefician aos opositores. Nos casos de que os exames se baseen en temas, entendemos que deben especificarse aquelas normas de dereito positivo que sexa necesario ter en consideración para a preparación dos mesmos, aportando así maior seguridade aos opositores, e que as ditas normas deben ser aquelas publicadas e en vigor no momento en que se produza a convocatoria do proceso selectivo. Adiar ao momento de nomeamento do tribunal a determinación da lexislación que será obxecto de exame, e incluír aquela publicada aínda cando non estea vixente, nos parece que prexudica notablemente a todos os que preparan os ditos procesos selectivos.
- b. O sistema normal de selección debe ser o de **CONCURSO-OPOSICIÓN**, e non a oposición como se recolle nestas convocatorias, e máis aínda cando nas convocatorias se recollen prazas destinadas a promoción interna. Neste caso, ademais, entendemos que debería eximirse aos traballadores que opten pola quenda de promoción interna polo menos dun dos exercicios da fase de oposición.
- c. Tamén solicitamos unha redefinición dos **tempos** que se dan para a realización dos diferentes exercicios, nomeadamente dos exames tipo test, nos que entendemos que ao tratarse de exames para o ingreso nos subgrupos A1 e A2, requiren un maior tempo para ler, comprender e contestar ás diferentes preguntas.
- d. Polo que respecta aos **temarios**, a **parte común** dos temarios recollidos nos proxectos de orde de convocatoria da escala de ciencias (especialidades de Química e Bioloxía), da escala de enxeñeiros (especialidade en Enxeñaría Industrial) e de enxeñeiros técnicos (especialidade de Enxeñaría Técnica

Industrial), a propia D.X. de Función Pública comprometeuse a coordinar a elaboración desta parte do temario que será común para todas as escalas de administración especial, e o mesmo temario común que rexerá o proceso selectivo da escala de Veterinarios. Polo que respecta ás partes específicas, se deu trasladados ás correspondentes consellerías para que respondan ás alegacións presentadas.

- e. Máis en concreto e en referencia á **convocatoria da escala de ciencias** (Bioloxía e Química) e enxeñeiros industriais, formulamos varias cuestións:

Polo que se refire ás **titulacións**, solicitamos da D.X. de Función Pública unha especificación na convocatoria do proceso selectivo de cales son as titulacións de grao equivalentes ás correspondentes licenciaturas (por exemplo, as equivalentes á Licenciatura en Química). O D.X. de función pública contestou que é imposible, debido á grande profusión de titulacións que existen na rama de ciencias, e mesmo noutras, facer unha concreción maior a este respecto. En todo caso, preguntamos concretamente polas titulacións que constan noutras especialidades da mesma escala, como sería a titulación en Ciencias do Mar para a correspondente especialidade, e a posibilidade de concorrer aos exames doutras especialidades dentro desta escala. A resposta non semella sinxela, e se nos dará nunha próxima reunión.

Polo que se refire nesta mesma convocatoria á prazas convocadas para a quenda de promoción interna da escala de enxeñeiros, especialidade de Enxeñeiros Técnicos Industriais, e logo da consulta por integrantes deste colectivo, o D.X. manifestou a posibilidade de comprometer unha serie de prazas para unha promoción interna separada para esta escala na OPE do próximo ano.

Ademais destes temas o director xeral de Función Pública informou que ao longo deste mes abriremos un proceso de negociación e reflexión conxunta coas organizacións sindicais que posibilite o deseño dos criterios que permitan poñer en marcha o **CONCURSO DE TRASLADOS PERMANENTE**. Está en estudo dentro da correspondente unidade de informática os cambios e adaptación que neste sentido serían necesarios para poñer en marcha o concurso aberto permanente, tanto para funcionarios (corpos xerais e administración especial) como para o persoal laboral. Segundo nos informa, neste proceso hai diferentes criterios de valoración que poderían ser empregados para a valoración dos correspondentes médicos, que dificultan o deseño informático, e que haberá que tomar unha decisión ao respecto de cales deles deben manterse ou cales non, de xeito que se poda implantar un sistema de mobilidade áxil.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2016

## **INFORMACION SOBRE MATERIA DE FUNCIÓN PÚBLICA FACILITADA POLO DIRECTOR XERAL DE FUNCIÓN PÚBLICA EN REUNIÓN DO DÍA 4 DE MARZO DE 2016**

### **1. CONCURSO DE TRASLADOS DE PERSOAL LABORAL:**

Segundo Informa o Director Xeral de Función Pública, esta mesma semana e ao longo do mes de marzo haberá reunións coas OO.SS. para establecer os criterios xerais de baremación que se introducirán no programa informático.

Unha vez establecidos os criterios de baremación a aplicar no programa informático comezarase a traballar en primeiro lugar polos grupos IV e V.

Polo que respecta ao concurso aberto e permanente, compromiso dado no seu día polo conselleiro de Facenda, neste concurso non se poderá implantar, dado que supón unha grande complexidade técnica. Haberá que esperar para a súa implantación. Pola contra o programa informático contemplará xa o cambio de categoría.

Contrariamente ao criterio mantida ata o de agora pola DXFP, o concurso de traslados dos grupos IV e V poderá levarse a cabo sen esperar a que remate o proceso de reclasificación das categorías do V Convenio Colectivo. Reclasificación na que tamén se seguirá traballando paralelamente ao desenvolvemento do concurso de traslados.

### **2. CONCURSO DE TRASLADOS DE PERSOAL FUNCIONARIO:**

Contrariamente ao afirmado anteriormente polo DXFP, agora si parece que os problemas técnicos no programa informático suporán un retraso na publicación da lista provisional de valoración de méritos.

### **3. PROMOCIÓN INTERNA DO PERSOAL FUNCIONARIO:**

En breves días a DXFP publicará os temarios que estaban pendentes de actualizar. Con respecto as datas dos primeiros exercicios, a estimación é que comecen a finais do mes de maio de 2016.

### **4. DECRETO DE ADAPTACIÓN DO CIXTEC Á LOFAXGA:**

Segundo indica o DXFP, despois de transcorridos máis de cinco anos da entrada en vigor da Lofaxga, a dirección do CIXTEC segue sen proceder a adaptar os seus estatutos e normas de funcionamento ao disposto na Lofaxga para os entes instrumentais do sector público autonómico nin hai previsión de facelo.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2016